



Xosé Manuel Portela Fernández, Presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral de Administración e Servizos.

COMUNÍCALLE

Que na reunión extraordinaria do día 25 de xaneiro para tratar sobre nova situación da partida destinada ao intercambio, comunicóusenos que pasa a formar parte do Capítulo I.

O Comité de Empresa entende, por unanimidade dos presentes:

- Que esta é unha reforma da suficiente transcendencia como para termos informado dun xeito máis exhaustivo e antes de tomar a decisión.
- Que é irregular que, cando se informou na Comisión específica, o órgano de representación do PAS Funcionario xa tomara decisión ao respecto, o que pon de manifesto a existencia de canles de información diferenciados.

Descoñecendo as razóns que poidan existir para proceder deste xeito.

SOLICÍTALLE

Que se informe ao Comité de Empresa das motivacións que levaron a esta toma de decisión e as consecuencias que leva consigo para o PAS Laboral e entre estas sobre todo:

- Como afecta á masa salarial.
- Si a Universidade ten previsto facerse cargo do ingreso a conta ou si se lle vai repercutir ao traballador/a.
- Como afecta esta decisión ás competencias e funcionamento da Comisión de Intercambio.

Atentamente.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2011

Xosé Manuel Portela Fernández

Sra. Xerente da Universidade da Coruña



Xosé Manuel Portela Fernández, Presidente do Comité de Empresa do Persoal Laboral de Administración e Servizos, tras a convocatoria de folga para o día 27 de xaneiro

COMUNÍCALLE

Que temos claro, desde o Comité de Empresa, que a convocatoria dunha folga leva implícito que o desenvolvemento "normal" da actividade universitaria vaise ver afectada.

Por esta circunstancia, para manter os servizos esenciais, establécense os servizos mínimos, nalgún dos casos pactados co/cos sindicato/os convocante/es.

O Comité de Empresa ten coñecemento de que, nalgún centro, realizáronse, por parte de superiores xerárquicos, enquisas persoais entre o persoal das conserxerías sobre a súa participación na convocatoria.

Entendemos que iso supón unha presión intolerable e unha conculcación dos dereitos laborais, neste caso o de folga.

Dáse a circunstancia, tamén, que algún decano ou director de centro asume a responsabilidade individual da apertura do seu centro, realizando el mesmo a apertura, labor que por funcións entendemos que non lle corresponde. Asímesse, ao tempo, todas as responsabilidades que se detraen desa apertura sen ningún control posterior.

En cada caso en particular analizaremos as circunstancias a que houbera lugar e tomaremos a decisión que corresponda, non obstante a Xerencia e/ou o propio Reitor deberían, ao noso entender, proceder a dar instrucións claras concisas sobre o xeito de proceder en circunstancias coma esta.

Atentamente.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2011

Xosé Manuel Portela Fernández

Sra. Xerente da Universidade da Coruña